



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2024/6**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, LUNS 10 DE XUÑO DE 2024 -**

No día de hoxe, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

**ASISTEN:**

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

**SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ**

**INTERVENTORA: ROSA MARIA CANOSA FERNANDEZ**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1. Aprobación da Acta da sesión anterior**

Dna Merce Barrientos manifesta que quere que conste na Acta da sesión anterior que en relación cunha persoa asistente ao respecto da cal se fai constar que pertence ao BNG, que non viñan como representantes políticos e que a súa expresión “iso é acoso” foi como resposta a unha referencia do Alcalde ao BNG como “tonto útil” .

A acta da sesión anterior queda aprobada facéndose constar o requirido por Dna Merce Barrientos, cos votos a favor dos integrantes do PP, IxM e grupo mixto e os votos en contra dos representantes do grupo municipal PSOE (5).

**2.-Modificación de crédito 3/2024 por suplemento de crédito.**



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

O Sr Alcalde explica o contido da proposta de modificación de crédito, figurando a mesma na Memoria da Alcaldía ao respecto.

-Iníciase o debate coa intervención de independentes por Muxía D. Javier Sar manifestando: “Os grupos da oposición presentamos unha emenda ( entregan copia á Alcaldía, secretaria e intervención). Queremos saber a que proxectos te refires cando propoñes a ampliación da partida para eles. En canto ao brazo desbrozador é importante pero non consideramos que sexa o momento para compralo pois tes un plan de limpeza de 200.000€ e a maiores outros 30.000 para desbroces en vías municipais. Podemos esperar e ver se hai algunha subvención .

Os 290.000 euros para persoal nos que van tamén os soldos de catro persoas xa xubiladas e dúas dedicacións de concelleiros, tampouco son precisos agora pois de momento hai partida para soldos.

Non temos factura das duchas que van ao REC e a explicación das outras dúas facturas se as tivéssemos antes xa estarían aprobadas. Pedímoslle as certificacións e non nas dou.”

-Intervén o Alcalde: “ Nese plan de limpeza non se prevé desbroce de vías.”

-Intervén seguidamente Dna Merce Barrientos: “ Nas actividades de deportes hai unha viaxe a Aquapark, e o importe que supoño que sexa para o bus pero, que número de prazas hai?. En multiaventura ponse un máximo de 25 nenos, a que idades se refire?.

Outro curso que hai en agosto con 25 nenos/as, e o surf do 13 ao 16, para que idades son?.

Fálase de contratación de monitor para actividades de futbol sala, natación... para que máis actividades?”

O Sr. Alcalde, a todas as preguntas formuladas por Dna Merce Barrientos contesta “Non me acordo”.

-O Sr Alcalde pregunta : “Vai a aprobar igualmente esa partida sen saber iso?.”

-Dna Merce Barrientos contesta: “Si, porque está cuantificada , ao menos dá vostede unha mínima información que se negou a dar na comisión informativa. Vostede furtou a estes concelleiros a información buscando un único obxectivo que como dixemos que sen información non íamos a aprobar, vostede buscaba furtando esa información un voto en contra.

Durante tres comisións e dous plenos pedímoslle información moi simple sobre as facturas do REC de Ogando: que modificación se tivo que asumir nesas obras e vostede negouse a contestarnos e non nos deu información provocando que votássemos en contra. Agora o explica e isto podía telo feito antes e a empresa estaría pagada.

Respecto á maquinaria, este Concello ten maquinaria cuxo estado chama a atención: Camións abandonados no punto limpo, camión de recollida de lixo que leva meses avariado..., adquirir maquinaria está ben pero haberá que facer un plan de formación ou o que sexa para que esa maquinaria non se acabe por avariar.

En canto ao desbroce, ten vostede aprobados 200.000€ para limpeza de núcleos rurais e anexos e tamén



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

outros 30.000 € para desbroce de vías municipais. Espero que estas tarefas se executen debidamente . Esta oposición facilítalle aprobar a modificación de crédito cando vostede cumpre co seu traballo que é argumentar as peticións.”

-Seguidamente intervén Dna Sandra Vilela: “ Seguimos a esperar as súas desculpas públicas polas faltas de respecto que vostede tivo contra Sofía. Se non chegan as desculpas tomaremos outro tipo de medidas porque non imos consentir dende o PP que nos sega vexando.

Respecto a este pleno, un luns ás 12 da mañá e despois dunhas eleccións, e a emenda da oposición, xa explicada polos outros grupos pero sobre a que quero incidir: En canto á redacción de proxectos o que ten que facer é sentarse coa oposición para ver que proxectos quere redactar. Hai o que se chama orzamento municipal, fágao e actualice as partidas. Igual pasa co tema de persoal, redacte o orzamento e actualice as partidas de persoal .

Respecto ao REC efectivamente hai dúas facturas de Daniel Ogando sobre dúas obras, e parécenos normal que haxa modificacións nas obras pero vostede non nos explicaba nada, e na comisión informativa do outro día o explicou. Só queríamos saber a que se referían xa ve que é sinxelo e agora as facturas vanse aprobar e a empresa leva máis de tres meses sen cobrar e podería ter cobrado naquel momento se vostede explicara en que consistían esas facturas. Pode ser que vostede non supera en que consistían e non saiba o que pasa nas obras do Concello ,ou que vostede non queira darnos información para obrigarnos a que non podamos aprobar as cousas e despois dicir que é unha vítima e que a oposición vai en contra súa.

Preguntóuselle sobre as duchas e non se nos contestou, e por elo non se van aprobar. Son máis de 5000 euros para aprobar sen saber o que estamos aprobando porque non trouxo a factura.

En canto ao brazo da desbrozadora xa lle dixemos que había dous plans de limpeza pero insisto faga os orzamentos e inclúaos.

Respecto ás actividades deportivas non se acorda de nada e é o mellor exemplo do que digo: trae unha partida para actividades deportivas a pleno, non nos explica na comisión informativa nada, non tiña idea ou non o quería dicir. Cando non lle aprobamos algo por falta de información vai dicindo por aí que non vai haber actividades porque a oposición non as aproba. A súa obriga cando fai unha comisión é explicar a proposta e traer a documentación dela para que eu a teña dende o día da Comisión ata o de Pleno para analizala e poder votar.

Vostede trae aquí as cousas para que non as aprobemos e os palmeiros digan por Muxía que non hai actividades de verán porque a oposición tira abaixo a súa proposta.”

-O Sr Alcalde resposta: “Vostede cree que os veciños/as son tontos porque subestima a súa intelixencia. Si se lles comunica o que pasa nun pleno eles saben en que consiste sen que ninguén os vaia enganar.”

Sometida a emenda presentada polos grupos da oposición a votación, queda aprobada cos votos a favor do grupo municipal PP (3) , IxM (2) e Mixto –BNG (1), e os votos en contra do grupo municipal PSOE (5), o pleno acorda:

1- Aprobar expediente de concesión de suplemento de crédito conforme ó previsto no artigo 177 do



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ó respecto, se considera máis adecuado. As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

CONCEPTO	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
Maquinaria, instalacións e útiles	920/623.00	25.738,64
Educación	323/227.99	3.726,80
Deportes	342/227.99	22.000
REC	160/619.00	9.738,96
		7.208,58
Desbroces vías municipais	1531/21000	29.999,45
<b>TOTAL</b>		<b>98.412,43</b>

-Que a financiación se realice con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de **98.412,43€**

-O importe total da modificación proposta ascende a **98.412,43€**

2.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de que non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor unha vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### 3.-REC 4/2024

A secretaria explica que os grupos municipais contan coa proposta de Alcaldía neste punto, da que ten que retirarse a factura correspondente a duchas por importe de 5.921,45 € ao non terse aprobado a dotación orzamentaria para elo no punto anterior.

-Abre o debate Dña Sandra Vilela: “ Cando falou destas facturas mencionou duchas, material ornamental , etc. Onde está este material e onde se instalou?. Explíqueo e aprobarémolo.”

-Seguidamente intervéñ Dña Merce Barrientos: “ Non se nos facilitou, aínda que a pedimos. Esa factura pedímola a intervención e contestounos que a pedísemos por sede. Non nolo proporcionou e vostede saberá por que, facilíteaa.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno cos votos a favor do grupo municipal PSOE (5) e IxM (2) e a abstención do resto 3 do PP e 1 do grupo Mixto, (Dña. Merce Barrientos vota inicialmente a favor e rectifica manifestando a súa abstención), o Pleno acorda:

Considerando a existencia dunha relación de facturas para as que non existía crédito suficiente no orzamento en vigor, ou respecto das cales non se acadou o procedemento adecuado para o seu compromiso,



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Considerando a protección ao principio de enriquecemento inxusto que podería verse conculcado se estes pagos non se realizan, pois as obras e servizos aos que se refiren foron realizados

1-Levantar o reparo de Intervención ao respecto.

2-Aprobar o expediente de REC preciso dentro do orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2024, por importe de 16.947,54€, e recoñecer as obrigas que se deriven del:

-Factura/certificación da liquidación final da obra “Rede saneamento e pluviais en Frixe, de Construcións Daniel Ogando, SL, por importe de 7.208,58€

-Factura/certificación da liquidación final da obra “Saneamento e Depuración no núcleo de Trasufre, de Construcións Daniel Ogando, SL, por importe de 9.738,96€.

**4.-Acordo sobre política de seguridade da información non Concello de Muxía.**

A secretaria explica o contido deste punto.

Sen xerarse debate, por unanimidade o Pleno acorda aprobar a política de seguridade da información no concello de Muxía, sendo efectiva dende a data de aprobación e ata que sexa substituída por unha nova política (anexamos documento a este pleno)

**5.-Ratificación decreto de aprobación Proxecto Modificado Iluminación Entorno Santuario da Barca.**

A secretaria explica que a aprobación da modificación deste proxecto levouse a cabo por Decreto de Alcaldía, someténdose agora a ratificación plenaria.

-Intervén seguidamente Dna Sandra Vilela: “ Porque se modifica este proxecto?.

-O Sr Alcalde contesta que hai unha partida de obra coa que non se está de acordo.

Continúa Dna Sandra Vilela: “ Ese proxecto foi aprobado polo Pleno e fíxose un muro que non estaba en proxecto e que tivo que tirarse e agora pretende cambiar o proxecto inicial. Que cambios hai?

-Seguidamente intervén Dna Merce Barrientos: “Aprobouse ese proxecto e en execución desas obras apareceu. Fixo vostede “un muro de dubidoso gusto e que forma parte do sistema de sinalización de todo o entorno....cando acabe estará todo mimetizado co entorno e está patrimonio revisando estas obras”... O que pasou é que o pobo de Muxía puxo as mans na cabeza e houbo que demoler o muro. O proxecto inicial foi aprobado en pleno e non vemos porque cambialo.”

O Sr Alcalde pregunta á Secretaria sobre as consecuencias de non ratificar o decreto de Alcaldía. A secretaria resposta que debe de ser consultado o asunto coa Deputación Provincial, pois é una obra do POS, que podería ser un problema grave .



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Sometido o asunto a votación, o Pleno polos votos en contra do grupo municipal PP (3), IxM(2) e mixto-BNG (1), e os votos a favor do grupo municipal PSOE (5), acorda non ratificar o decreto de Alcaldía obxecto do punto da Orde do Día.

Ás 12:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, mércores 19 de xuño de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña